

A MÚSICA, PILAR DA SOCIEDADE.

Cando Dores e Antonio se puxeron en contacto connigo e me dixeron o motivo de estar eu hoxe aquí, inmerso en este intenso á par que gratificante marrón o primeiro que pensei foi que nunca sería capaz de sentarme fronte a un grupo de persoas e de falar durante media hora, que era a duración que mais ou menos me pedían, sobre un tema. Nunca fixen nada así, de xeito serio digamos, sen contar as charlas que se podan ter en torno a unha cociña ou compartindo algunha bebida espirituosa.

Esa foi a miña primeira reacción. Non son capaz. Pero despois pensei un intre. O título que me plantexaban era: "Música, pilar da sociedade". Entón, o reto (porque, sí, esto sinceramente o que me plantexa é un reto) parecíame algo mais alcanzable. Se de algo podía eu falar durante ese tempo intentando achegar algo era de música, de sociedade e dun pilar que soportase esos dous temas representado na figura de Hernán Naval, o fío conductor destas xornadas.

Porque botando unha ollada atrás resulta que, sen planificalo, sen que ninguén na miña familia se relacionase con ese mundo, a música me envolveu para non deixarme escapar nunca mais. O que era un entretemento transformouse nun medio de vida. O que ocupaba o meu lecer de cativo e de adolescente pasou a ocupar a xornada laboral. Cando falo de esto sempre me lembro de Emilio, director do Instituto da Veiga e profesor de filosofía nese centro durante anos e directivo de Amadores da música durante outros tantos. Unha conversa recorrente con él era aquela na que me dicía: "Lo tuyo y lo mío es increíble, dedicarse a la música y a la filosofía..." Porque conseguir que unha afición che dé de comer é algo que é moi difícil de cuantificar en términos pecuniarios.

E para empezar a profundizar nos términos que aparecen como cabeceira poderíamos pararnos a ver con mais detenimento o **concepto de música**. Música, ou "arte das musas" en grego. O que fai que me faga sentir ata aractivo, un non é musa demasiadas veces. Consultar distintas definicións pode resultar ata divertido e esclarecedor. E como non podía ser doutro xeito neste tempo que nos atopamos empregarei a rede, a intelixencia artificial e sí, chamádeme romántico, pero algún libro en papel desos que campan por algún andel da casa.

A primeira definición voua poñer eu sen consulta pero estou seguro de que está nalgún deses libros. Aquela clásica que nos fala de que **"a música é unha combinación de ritmo, melodía e harmonía"** e que así de primeiras me deixa bastante frío, porque definir algo que visto dende dentro me parece tan complexo nunha frase de dez palabras, nunha combinación de tres elementos sí, me deixa frío e con gañas de completar esa definición con algún concepto mais subxectivo que fale de sentimentos, de sensacións ou de percepcións e, en gran medida, de comunicación.

Pero volvamos ó segundo cuarto do século XXI e naveguemos un pouco, deixémonos levar polas correntes dese mar de información que aparece na rede.

O primeiro resultado que xenera o xigante das dúas oes e a súa mal chamada intelixencia ben chamada artificial non me disgusta. **"A arte de combinar sonidos e silencios no tempo, logrando un resultado estético e coherente"**. Non fala de harmonía, esa asignatura que me amargou a miña época de estudante por unha combinación de mala docencia e mala discencia, pero inclúe o concepto de resultado estético, e iso da estética sí que me parece interesante, porque xa nos introduce un aura de subxectividade relacionada coa beleza que me parece fundamental. Ademais esa asignatura dábaseme bastante mellor.

Seguindo cos resultados por estricto orde de aparición, é dicir, sen desprezicar ningún, temos este: **"segundo a definición tradicional do termo, a forma de arte consistente en combinar lóxica e sensibelmente os sons e os silencios coa finalidade de crear unha determinada sensación ou emoción no oínte"** sacada directamente da Galipedia, esa fermosa ferramenta. E aquí é donde introduce algo que para mín, e non só pola faceta de docente senón que mais pola de músico, é fundamental, que é o oínte. Non concibo música sen oínte. Non concibo música sen introducir a comunicación. Para o meu xeito de entender o fenómeno musical é basicamente un fenómeno de comunicación, directa, na música en vivo, ou indirecta, na música gravada ou no proceso de composición. Non concibo o proceso como completo se non hai unha interacción entre @ músico é @ oínte. Nesa relación é donde reside a maxia. Sei que hai afeizoad@s que disfrutan de tocar na intimidade do seu fogar sen que ninguén os escoite. Instrumentistas que teñen quizais mais complicada a pertenza a un grupo ou que por carácter se lles fai complicado dar o primeiro paso de subir a un escenario. Sempre insisto na importancia de dar ese primeiro paso e

animo a dalo e , a pesares do que poda parecer, moitas destas persoas agradecen ese impulso ó ver a recompensa que obteñen ó recibir a calor do público. Algo que non é comparable a ningunha das accións, en xeral, que podemos realizar a cotío e que traduce en agarimo esa cantidade inxente de traballo que temos que levar a cabo para poder ofrecer unha actuación, ben seña directamente preparando o programa a interpretar ou indirectamente co estudio previo para chegar a ter un dominio do instrumento suficiente.

O seguinte resultado que me aparece ven da Wikipedia e dí o seguinte: **"A arte de crear e organizar sons e silencios que se combinan para crear melodías ritmos e harmonías mediante a intervención de complexos procesos psicoanímicos"**. Pouco a pouco, se seguimos consultando as infinitas definicións que se poden encontrar da palabra Música imos introducindo novas variables, neste caso a intervención de procesos psicoanímicos, é dicir, que para a creación de música (eñado eu aquí, tamén para a interpretación) inflúen os estados de ánimo e algo así como, chamémoslle, saúde mental ou estado mental. E non podo estar mais dacordo coa introducción do estado de ánimo na explicación do fenómeno musical. Estos conceptos parécenme fundamentais no proceso creativo, e, en moitos casos, parécenme ata a razón última para iniciar ese proceso de creación.

Tan só unha mais, a que aparece como séptima acepción (as anteriores son mais escuetas e incompletas) según a RAE, que pola súa importancia pode resultar interesante. Dice: **" El arte de combinar los sonidos de la voz humana o de los instrumentos o de unos y otros a la vez, de suerte que produzcan deleite, conmoviendo la sensibilidad, ya sea alegre ya tristemente"**. O primeiro que me fai lembrar esta definición é a obra serialista de Penderecki "Trenodia a las víctimas de Hiroshima" sobre as vítimas da bomba atómica explosionada nesa cidade e rechíname un pouco a palabra "deleite" (a pesares de ser subxectivo, atopo difícil obter deleite con esa obra), aínda que se arranxa un pouco co de conmover a sensibilidade tristemente...

Non me quero extender demasiado coa definición de música porque xa queda demostrado que hai case que tantas definicións como definidores e que non vai ser fácil chegar a un consenso sobre a definición correcta ou a que abrangue mais e mellores conceptos. Tarefa complexa a de poñerlle cancelas ó campo.

Falaba ó principio de esa vida dedicada á música, e da sorte que é ter a posibilidade de convertila nun medio de vida. Pero, **¿qué é o que hai detrás de esa meta alcanzada?**

Porque todo ten un comezo, ás veces difuso e ás veces mais claro. Coñezo poucos nenos e nenas que xa á idade de oito ou nove anos, que é cando se supón que debemos empezar coa práctica instrumental según as normas que rixen as escolas de música e os conservatorios (ese sería outro extenso debate no que creo que non me debo meter agora) teñan claro que queren tocar un instrumento. E coñezo todavía menos que sepan o instrumento que queren tocar. En xeral os nenos e nenas que se achegan a un destes centros é impulsado por un desexo non deles, senón de seus pais e nais. Unhos pais e nais que por múltiples causas ou motivacións cren que unha educación musical pode ser beneficiosa para os seus fillos e fillas. Pensan nesa constancia que se precisa, nese compañerismo que se xera nas agrupacións, nese ser parte dun todo, dunha máquina na que se necesita que funcionen ben todas as súas engranaxes, e porqué non decilo, tamén hai os que pensan sinxelamente que algo terán que facer.

A práctica instrumental é algo que premia o esforzo, pero non o esforzo a curto prazo. Premia a constancia a longo prazo, algo que na sociedade actual (xa que íamos a falar de sociedade) cada vez está menos en boga. Unha sociedade actual na que, como oía fai pouco a un tertuliano radiofónico, os vídeos que duran mais de un minuto xa son considerados películas. Todo esto do esforzo e da constancia é algo completamente alleo ó novo alumnado. Pola miña experiencia a eles o que lles resulta atractivo é ir a clase coa súa mellor amiga ou amigo, ter un instrumento novo relucinte ou convertirse nunha estrela do rock and roll a segunda semana de curso. Moit@s levan unha decepción, para que nos imos a enganar. As clases de instrumento son individuais e o seu mellor amigo non está alí, tan só un profesor ou profesora que lle intenta inculcar un hábito de estudio, tratando de convencelo de que aquilo, dentro de tres, catro ou cinco anos vai ter unha especie de final feliz. Un final que realmente non é un final, senón o principio dunha nova etapa na que vexa que aquel traballo, no mellor dos casos case diario, no "menos mellor" dos casos, semanal, tiña a súa razón de ser.

A partir de aí, @s que se salvan de esa primeira selección natural teñen un camiño que lonxe de facilitarse se enche de obstáculos. Compatibilizar unha ensinanza musical con unha ensinanza secundaria e un bacherelato non é doado. A esixencia cada día é maior, tanto

social como a autoesixencia. O que diga que os adolescentes de hoxe en día son folgazáns por norma ou que están afeitos a que lles den todo feito e demais clichés que se lles atribúen é alguén que non ten demasiado contacto con ese colectivo. E dende aquí quero aproveitar para facer unha vella reivindicación relacionada con o xeito de organización dos planos de estudos actuais que lle transmito a todo aquel que pasa polo meu aula. Fai anos, bastantes, funcionaba un plan de estudio que databa do ano 1966 e que foi retirado paulatinamente a partir do curso 92/93 nos conservatorios, convivindo co novo, iso sí, durante moitos mais anos dos inicialmente previstos, para tentar que os estudantes que iniciaran a súa andadura rexidos por este plan conseguiran acabar o seu itinerario sen ter que someterse ós grandes cambios que imprimía a nova lei, a LOXSE. ¿E cal era un destes grandes cambios? Pois, ante todo, sen ser un gran coñecedor en profundidade desta lei e das que virían despois, eso vaia por diante, un dos principais cambios era que desaparecía a educación "por libre" e eso supoñía un cambio sustancial. Dende entón a asistencia ó conservatorio era obligatoria en contraposición ó antiglo modelo "non oficial" do Plan do 66 no que podías presentarte ós exames finais sen ter que pagar unha elevada matrícula e, sobre todo, sen ter que asistir a clase. Este tipo de matrícula "non oficial" permitíanos estudar co noso profesor, se o había, no lugar de residencia e superar os distintos cursos aprobando a correspondente proba. A efectos prácticos esto supón para o alumnado dunha poboación como Ribadeo, alonxada nun mínimo de case 50 minutos dun conservatorio no que se ofrezan todas as especialidades instrumentais que o alumnado ten que desprazarse un mínimo de tres veces á semana a un centro educativo situado a case unha hora de distancia. Un esforzo inxente para unhas familias que xa carecen, en xeral, de tempo polas obrigas laborais. E un esforzo económico que non todas poden asumir. Vólvese dalgunha maneira ó antigo modelo no que se deixa de democratizar os estudos musicais e parece que estos quedan só ó alcance das familias mais favorecidas. E menos mal das escolas de música, presentes na maioría dos concellos que permiten que se den os primeiros pasos sen ter que asumir esos costes de desprazamento e de tempo. Ahí é donde estos centros supoñen un activo fundamental, non só no terreo do músico amator, que tratarei mais adiante, senón que se trata de un servizo indispensable tamén para aquel que no seu momento decida dedicarse profesionalmente ó mundo da música.

Unha vez feita esta reivindicación gustaríame continuar describindo ese camiño ata

convertirse en músico profesional, ou polo menos en titulado superior, xa que non todos estos titulados exercen de músicos nas súas diversas vertentes unha vez rematados os estudos. Se un estudante de conservatorio segue o ritmo que a administración pauta atópase cursando segundo de bacharelato e sexto curso de Grao medio. A broma non é pequena. Enfróntase ó finalizar a unha P.A.U. (non en todos os casos pero nunha gran maioría) e a unha proba de acceso a Grao superior nun conservatorio. A un ou a varios, porque por norma xeral acostumase obter a varios centros para asegurar a continuidade nos estudos musicais. O non entrar en ningún centro supón, polo menos, un ano no que haberá que dedicarse a outros menesteres, como profesores particulares, desprazamentos para esas clases, etc etc. No caso de ter éxito, unha vez dentro, á primeira ou en sucesivos intentos, hai que superar un ciclo formativo equiparado a calquera Grado actual e que require unha chea de estudo persoal do instrumento a maiores do resto de asignaturas, e soportar que cando digas que estudias música che pregunten: "¿e nada mais?". Afortunadamente eso cada vez pasa menos e a profesión de músico profesional se está visibilizando moito mais.

E a partir de ahí o **mercado laboral**, que en xeral non é sinxelo para ninguén. Atopar un bo traballo leva o seu tempo e depende moito do territorio. E ahí é donde as escolas de música xogan un papel decisivo, xa que conseguen crear un bo número de postos de traballo donde poder desempeñar unha labor docente. En Galiza podemos considerarnos enormemente afortunados pois existe dende principios dos anos noventa unha extensísima rede de escolas municipais implantada na maioría dos concellos. Escolas de maior ou menor tamaño, con mais ou menos profesorado e especialidades, pero é difícil na nosa Comunidade non ter unha escola de música relativamente preto. Isto, en gran parte, discorre de xeito paralelo á existencia de bandas, que son normalmente anteriores e que se beneficiaron de estos centros como canteira inesgotable e que deu continuidade ás mesmas. Na comunidade veciña de Asturias que é un pouco a que mais coñezo, ademais da nosa, por temas laborais, isto non sucede da mesma maneira e o número de escolas de música por habitante ou por concello non se semella e o mercado laboral é moito mais complicado, así como o número de bandas que non ten nada que ver co da comunidade galega.

E esta gran implantación de escolas de música polo territorio tamén se pode analizar dende o plano dos usuarios, unha análise que farei mais adiante.

A outra vertente laboral sería a de intérprete, reservada para os mais destacados, formando

parte das distintas formacións profesionais que hai tanto no noso país coma no estranxeiro. Orquestras e bandas profesionais ás que é moi difícil acceder e nas que hai unha competencia atroz. Poucas prazas e moitos interesados e interesadas que provenen de todos os rincóns do mundo.

A aparición das ecolas de música municipais marca un antes e un despois na historia dos estudos musicais. Significa o achegamento definitivo de esta disciplina ó gran público. Persoalmente me tocou vivir a derradeira etapa do anterior modelo na que o número de alumnado era infinitamente menor a esta nova época que comezaba e a diferenza pode dicir que é máis que notable

A orde do 11 de marzo de 1993 é pola que se regulan as condicións de creación e de funcionamento das escolas de música e danza na Comunidade autónoma de Galiza e dice o seguinte: **"O artigo 39º 5 da Lei orgánica 1/1990 do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece que se poderán cursar en escolas específicas, sen limitación de idade, estudos de música e de danza que non poderán conducir á obtención de títulos con validez académica e profesional (...). Estas escolas específicas de música e danza deben dedicarse á formación de afeizoados e á preparación das probas de acceso a estudos conducentes á titulación daquelas persoas que teñan vocación e aptitudes para estas disciplinas. Recollese nesta orde a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. (...). Ofreceselles ós promotores privados a opción de acceder a este modelo e, polo tanto, ás vantaxes inherentes a unha concepción formativa con virtudes contrastadas e recoñecidas pola administración, formando parte dunha rede de centros vinculados a partir dunha identidade de obxectivos e funcións (...)"**.

Esos serían os aspectos máis importantes que compoñen o enunciado desa Lei que rixe as escolas de música que se habían de crear baixo o paraugas da mesma. Pero pézame tamén interesante destacar os obxectivos que promulga a administración con ese novo texto e que serían os seguintes:

- a) Fomentar o coñecemento e apreciación da música, iniciando ós nenos (sí, daquela non había nas leis linguaxe inclusivo polo que se ve) desde os primeiros anos na súa aprendizaxe.
- b) desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical, sen límite de idade.

- c) orientar cara un ensino de carácter profesional cando a vocación e as aptitudes do alumno así o aconsellen, proporcionando, se é o caso, a preparación adecuada para acceder a dito ensino.
- d) ofrecer un ensino instrumentao orientado tanto á práctica individual coma á práctica de conxunto.
- e) Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental
- f) fomentar nos alumnos o interese pola participación nas agrupacións vocais ou instrumentais
- g) organizar actuacións públicas e e participar en actividades musicais de carácter aficionado.

E este é o texto que, como dicía, marca un pouco un antes e un despois nos estudos musicais. Pasábase da existencia, únicamente dependentes da administración, de centros nos que o obxectivo principal era a obtención dun título que te habilitara profesionalmente, á existencia dunhos centros no que a lexislación que os rixe xa fala de músicos afeccionados. Porque eso achegaba a música a moita mais xente. Eso facía que aquela persoa que tivera inqueda por aprender a tocar un instrumento, por adentrarse no mundo da danza ou dar renda solta ó seu bo facer vocal poidera obter a ter un profesorado formado, nun centro regulado por unha administración local supervisada por unha autonómica e, en xeral a unhos prezos asequibles sen ter que afrontar un gran dezprazamento. E todo esto, sobre todo para o alumnado adulto, sen ter que someterse a un plano de estudos inflexible, que non deixa moito marxe a adaptarse ó que realmente alguén busca ó matricularse.

E sen esquecerse dos posibles músicos profesionais que agora teñen unha opción de formarse con un plano de estudos adaptado a unha posible realización dunha proba de acceso a un conservatorio e poder así obter unha titulación que os habilite de cara a un futuro laboral dedicado a este menester.

As cifras dícenos todo: no curso 2019-2020 dos 327.750 alumnos e alumnas matriculados nas ensinanzas artísticas de música según o ministerio de educación, formación profesional e deportes case o 69% o estaban en Escolas de música, o 57% en centros públicos e case o 12% en centros de titularidade privada. 30 anos despois da primeira lei que rexía estos centros vemos que a súa implantación é amplísima.

E xa que antes fixen unha reivindicación vou facer outra que levo anos facendo oír a todo aquel que pasa pola miña aula. E é a seguinte: según a lei anteriormente mencionada que rixe o funcionamento en Galicia das escolas municipais de música (e as privadas que cumplan os requisitos legais) o profesorado debe ter como mínimo o Grao medio da especialidade para poder desempeñarse como docente. Penso que nun primeiro momento de creación masiva de escolas podería ter sentido, pero non pasados os anos, xa que estos titulados medios en moitos casos están desprazando laboralmente a titulad@s superiores, que agora son moit@s e creo que deberíamos maximizar a calidade da ensinanza todo o posible. Isto xa se fai dende hai moito tempo, en comunidades como Cataluña ou o País Vasco, (neste caso con excepcións).

E unha vez exposto o contexto xeral de aparición de escolas de música, tanto municipais como privadas e de explicado por encima cales eran as novidades que traía a nova lei gustárame pasar ó caso concreto de Ribadeo, que é o que nos ocupa. Houbo un tempo pretérito na miña infancia, no que a fonte de coñecemento musical era xente como unha Hija de la caridad que vivía no Colexio das monxas, chamada Sor Pilar ou Ángeles a do Moreno que daba clases particulares de solfexo e piano na súa casa ou Cigarrán que no seu momento deu clases de guitarra. Si querías aprender música esas eran as opcións que había, ou polo menos as que eu coñecía, que me perdoe se algunha persoa mais se dedicaba a esto e non son consciente.

De eso pasamos a aparición do que foi o xermolo da futura escola de música posta a andar no outono do ano 1993, a Academia de música Carlos Álvarez Fernández-Cid creada no ano 1988 da man da tamén recentemente creada Asociación "Amadores da música" aparece a figura que nos ocupa nestas xornadas e que é a de Hernán Naval. Da creación, posta en marcha e demais detalles tanto da asociación como da primixenia academia, seguro que vos pode falar mellor Antonio Gregorio, Evaristo Lombardero e demais xente involucrada no proxecto dende o principio. Eu daquela tiña 7 anos e do que vos podo falar é de que alí fomos a converxer un amplo grupo de rapaces e rapaces e xente non tan menuda, que, en gran medida reclutada por Choupín, figura que non quero deixar de citar e de resaltar a súa importancia, empezamos a estudar solfexo e os distintos instrumentos que compoñerían a futura banda. Un grupo de todas as idades e de todas as procedencias e ocupacións que tiña como denominador común o interese en aprender solfexo e a tocar un instrumento e a

promesa lonxana naquel momento de formar unha banda. 3 anos era o prazo estimado para aquela estrea, o tempo que o recentemente nomeado director estimou oportuno e necesario. Á fronte de esta misión un rapaz de vintepico anos, da veciña vila de Viveiro, con unha capacidade de traballo que en moi pouco tempo quedaría mais que demostrada e que se propoñía recuperar unha banda de música que estaba esquecida dende facía case trinta anos e con un curriculum profesional que neste campo apenas contaba con a dirección dun coro. Eso supoñía, para un trompetista con coñecementos de piano, ensinar clarinete, saxofón, frauta, oboe, trompa, bombardino...instrumentos que pouco tiñan que ver os uns con outros, algo que pasados os anos, e con unha mais que crecente especialización sona a fantasía. Pero fíxoo.

Gustárame ter sido mais maior e poder observar con mais detenimento todo este proceso porque estou seguro de que agora, que me dedico profesionalmente a esto, me houbera sido de moita axuda. No meu caso sempre o lembrarei como a persoa que me puxo por primeira vez un fliscorno nas mans e que me axudou nesos primeiros pasos do longo camiño que describín anteriormente que me levou a ser músico, a ser a miña forma de vida. Lembro unha conversa moi interesante con un compañeiro de conservatorio, trompetista tamén, que me dicía: "Hai dous tipos de músicos, os que no seu curriculum poñen á persoa que por primeira vez lles puxo o instrumento nas mans e os outros...".

Durante tres anos, todos os días de esos tres anos se formou a un grupo que acabaría sendo de 40 músicos que recuperaría a banda de música de Ribadeo presentándose en público novamente o 25 de xaneiro do ano 1992, nun concerto marcado polos nervios e pola gran cantidade de público que se congregou esa tarde noite na igrexa parroquial. Un concerto que quedaría gravado nas memorias de todos os que alí participamos e espero que na de todo o público alí presente. Un programa que empezaría pola Marcha militar nº1 op.51 de Franz Schubert e que era unha declaración absoluta de intencións. Posiblemente calquera outra persoa houbera empezado este concerto con un pasodobre ou unha alborada, métodos mais frecuentes de obertura , pero Hernán abría con unha obra dun compositor romántico non moi habitual nos programas das bandas de música tradicionais. Acompañaban a esta marcha no programa obras como a adaptación para banda do Coro de peregrinos de "Tanhäuser" de Richard Wagner ou un fragmento da zarzuela "Katuska" de Pablo Sorozábal, aparecendo, eso sí obras mais recurrentes nos repertorios de esa época como "Airiños aires" do lucense Gustavo Freire ou "Lugo-Ferrol" de Gregorio Baudot.

¿Qué lembro eu de esos primeiros anos? Pois unha morea de cousas, a pesar da miña mais que demostrada mala memoria. Lembro a primeira obra de banda propiamente dita que me deu. Un arranxo para banda moi sinxelo de "Escipión" de Händel, da que aínda que non a volvera a escoitar dende aquela sabería silbar a melodía. Lembro os desacansos dos ensaios nos que saíamos a xogar pola parte de atrais das novas vivendas sociais que acababan de construír e pola vella estación de autobuses. Lembro risas, carreiras e moito cariño por partes dos rapaces mais maiores.

E lembro tamén os primeiros exames en Viveiro, de solfexo e de instrumento. Aqueles piques que eu non entendía, e sigo sen entender, nunca quixen ir mais aló que tiñan con nós por ser alumnos e alumnas de Hernán. Aínda así fomos aprobando pouco a pouco cursos e poñendo os cimentos do que sería o futuro. Viaxes no 205 a un sitio e a outro con olor a Ducados negro con un sentido que estou seguro que entendía moito mais Hernán que eu.

A partir do primeiro concerto todo está xa mais que contado e moito mais documentado, creo que non podería aportar demasiados datos novos que non se sepan. A segunda aparición en público da banda, donde senón, en Viveiro, lugar de nacemento de Hernán. E despois concertos en auditorios pequenos, medianos e grandes. Con mais glamur e con menos glamur. Dende un remolque de tractor no San Ramón da Devesa ata o teatro Colón da Coruña ou o Campoamor de Oviedo. Pasando frío, calor, mareos en autobús, averías, bocadillos, instrumentos esquecidos, partituras que non aparecen e aplausos, moitos aplausos que todo o recompensan.

Unha banda que non paraba de medrar ata chegar a tocar un total de 109 músicos, todos e todas parte da prantiña, sen nengún músico de reforzo, nutríndose dunha Escola municipal de música que funcionaba igual de brillantemente.

Ademais de escola e banda outros proxectos como poden ser a creación da Banda da Federación galega de bandas na que foi parte fundamental ou a Big band promovida pola asociación galega de escolas municipais de música (AGAEMM), da que era vicepresidente con a que se fixeron actuacións en sitios tan lonxanos como pode ser Trondheim, en Noruega.

Algo que non creo que conseguimos nunca valorar no seu momento porque parecía sinxelo,

Hernán facía que todo parecese sinxelo. Vendo o que costa hoxe en día xuntar unha banda de corenta integrantes o tempo fai que o mérito fose todavía maior. E, por si fora pouco, eran daquela músicos con un grao de implicación que tamén é moi pouco usual na actualidade. Con moi poucas faltas ós ensaios, que chegaron a ser diarios nos vrans das primeiras temporadas. Dame a risa só con pensar propoñer algo semellante nunha agrupación nestos tempos nos que prima completamente a individualidade e, sobre todo, a comodidade.

Por outra banda tamén considero inxusta a comparación que se poda facer de algo que sucedeu fai trinta e catro anos con o que se poda levar a cabo hoxe en día nese eido . A xente non recibe a mesma educación, o contexto é completamente distinto, tanto xeral como dunha vila como Ribadeo en particular na que oferta de lecer se ampliou ata límites insospeitados. E as persoas non serían as mesmas nesos diferentes contextos.

Unha das preguntas que me fago moi a menudo, e que supoño que todos os antigos integrantes da banda nos facemos é: ¿que tería sido da banda se non se producira o pasamento de Hernán naquel maio do 2001?

É unha interesante pregunta con unha falta obvia de resposta. Podemos elucubrar todo o que queiramos que nunca teremos unha resposta clara. ¿Qué me parece a mín? Pois nunca penso nunha soa posibilidade. Por un lado penso que Hernán sería capaz de manter á banda nunha posición privilexiada dentro do panorama musical. Penso que seguirían a ocorrírselle proxectos de altísimo nivel, e mentras eso seguira así, a banda seguiría a funcionar ben. Dentro desta ficción tamén ás veces penso que non sería capaz de manter ese ritmo de traballo durante moitos anos mais, e que acabaría por acomodarse algo, pero esta opción non a vexo tan clara. A súa inclinación hacia a vida política na que cada vez estaba mais implicado tamén me leva a pensar que esa faceta lle había quitar tempo á de músico e xestor. Tamén me parece que ía levar mal este tempo de pantallas e individualismo salvaxe con o que é tan complicado competir. Pero estou seguro de que intentaría revertir esta situación e convertilas nunha ferramenta útil e eficaz.

Quen sabe. O que deberíamos ter claro é que cada persoa e cada proxecto son fruto da confluencia dun lugar e dun tempo. Que a figura de Hernán foi así de importante e así de determinante na creación da banda e da escola porque o lugar era propicio e o tempo tamén

e por suposto porque él era a persoa propicia nese lugar e nese tempo. Existe a posibilidade, grande, de que unha figura como a súa non tivera a mesma influencia noutro lugar ou noutro tempo.

Tamén me gustaría destacar que moitas veces romantizamos as figuras co paso do tempo. En moitas das conversaas que teño con antigos compañeiros e compañeiras que estiveron baixo a batuta de Hernán percibo esa mitificación. Posiblemente pode ser debido a que a maior parte destes músicos non coñeceron outro director nin outra banda. Músicos amadores que pecharon esta etapa coa falta de Hernán ou pouco despois. Para os que continuamos, e mais de xeito profesional, esta figura é mais difícil de mitificar porque, a pesar de todo o comentado anteriormente, a experiencia e a evolución da materia fai que vexas superadas algunhas das súas ensinanzas e algún dos seus métodos de facer as cousas. Non quere isto ser unha crítica á persoa, senón que pretende ser un intento de poñela no contexto correcto.

E volvendo, por derradeira vez ó título de esta exposición creo que foi inmensamente importante para a sociedade ribadese de ese tempo concreto. Creou un centro cultural de confluencia de veciños e de veciñas moi difícil de describir, pero que me atrevería a dicir que foi un piar da sociedade de ese momento e de ese lugar, de ese Ribadeo dos anos 90. Un lugar donde non separaban por idades, no que non separaban por sexos, no que non había categorías, no que non había competición, no que os pais e as nais non berraban dende o público, donde un neno de nove ou dez anos coma mín podía ter sentado detrás nun ensaio a un empregado de banca e a un traballador da Alúmina-aluminio que sempre me mandaba calar. Un lugar común con un obxectivo común. Algo que deberamos contemplar como extrapolable a outros emprazamentos e a outros momentos, adaptándose ás novas realidades e ás novas tecnoloxías quizais, que todo o determinan a día de hoxe, pero conservando a esencia, que foi o feito de crer nun obxectivo e poñer enriba da mesa todo o posible para conseguilo.

Agora, pai de dúas nenas, faime gracia cando estou en Ribadeo e me preguntan pola rúa quen era esa persoa á que acabo de saúdar e hai unha resposta recorrente: Un nome e un instrumento, e unha coletilla: tocaba na banda connigo.